

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001683	IES Martaguisela	O Barco de Valdeorras	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Deseño	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Deseñar é planificar e, polo tanto, anticipar as actuacións e intervencións para obter a solución a un problema determinado. O obxectivo do deseño é mellorar a contorna, e con el, a calidade de vida, mediante a mellora dos produtos que utilizamos. O deseño implica traballo interdisciplinario, interacción de saberes, conexión de disciplinas; en definitiva, trátase dunha gran ferramenta á disposición do alumnado capaz de aproveitar o seu poder de transformación.

A materia de Deseño proporciónalle ao alumnado os fundamentos e destrezas necesarios para iniciarse no deseño e senta as bases para afrontar estudos superiores relacionados con esta disciplina. Supón unha aproximación tanto aos principais campos do deseño como a distintas metodoloxías de análises, estudo e creación, que son aplicables tamén a outros ámbitos de coñecemento. Para iso, a materia organízase ao redor do seguintes catro grandes eixos temáticos. Nun primeiro lugar, unha análise reflexiva e crítica do mundo que rodea o alumnado, que permitirá identificar as estruturas formais, semánticas e comunicativas dos produtos de deseño mediante a decodificación da súa linguaxe específica. En segundo lugar, o coñecemento das técnicas, ferramentas e procedementos analóxicos e dixitais de creación, composición, representación e presentación propios do deseño bidimensional e tridimensional. Nun terceiro lugar, o afondamento nas metodoloxías proxectuais aplicadas ao desenvolvemento de produtos innovadores e creativos sobre a base do deseño inclusivo. E, por último, en cuarto lugar, o estudo da relación entre forma e función no deseño.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar os fundamentos do deseño para partir da análise crítica de diversos produtos de deseño bidimensional e tridimensional, para profundar na comprensión tanto da complexidade dos procesos e ferramentas que interveñen, como da dimensión simbólica e semántica das súas linguaxes.	1-3		1-2	1	40	1		2
OBX2 - Reflexionar desde a propia identidade cultural sobre as orixes, os principios e as funcións do deseño, comparando e analizando producións de diferentes épocas, estilos e ámbitos de aplicación, para valorar a influencia da contorna e a cultura na devandita actividade, asociando estas tarefas cos niveis de impacto ambiental do ser humano no planeta.	1-3		2		11	1-3-4		1
OBX3 - Analizar de maneira crítica e rigorosa distintas configuracións formais, compositivas e estruturais presentes no deseño de diferentes produtos, identificando os seus elementos plásticos, estéticos, funcionais e comunicativos, para enriquecer as súas propias producións e conformarse unha opinión sólida que responda a estratexias comerciais e de mercadotecnia vinculadas ao deseño gráfico, a campañas de deseño publicitario, ao packaging de produtos ou ao deseño de espazos que favorecen a actividade comercial.			1-5	2		1-4	1	1-2-41

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Planificar proxectos de deseño individuais e colectivos, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos necesarios, para propoñer e analizar criticamente solucións creativas en resposta a necesidades propias e alleas.		1	3	3	32-50	4	1-3	41-42
OBX5 - Desenvolver propostas persoais e imaxinativas a partir de ideas ou produtos preexistentes, considerando a propiedade intelectual, para responder con creatividade a necesidades propias e alleas e potenciar a autoestima e o crecemento persoal.			3		11	1-4	1-2-3	31-32-41-42
OBX6 - Crear produtos de deseño, respondendo con creatividade a necesidades concretas, incluídas as do deseño inclusivo e as relativas á sustentabilidade, e coidando a corrección técnica, a coherencia e o rigor da factura do produto, para potenciar unha actitude crítica e responsable que favoreza o desenvolvemento persoal, académico ou profesional no campo do deseño.		1	3	3	20	4	1-3	32-41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Concepto, historia e campos do deseño.		16	19	X		
2	O deseño: configuración formal e metodoloxía.		16	19	X	X	
3	Deseño gráfico.		25	29	X	X	
4	Deseño de produto.		25	29		X	X
5	Deseño de espazos.		18	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Concepto, historia e campos do deseño.	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características fundamentais dos movementos, correntes, escolas e teóricos relacionados co deseño, de contextos xeográficos, históricos e sociais diversos e reflexionando de maneira crítica sobre as achegas das mulleres e das culturas non occidentais.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.	PE	51
CA1.3 - Analizar de maneira crítica as diferentes solucións de deseño vinculadas a un mesmo problema, reflexionando sobre o seu impacto na contorna e establecendo argumentos que promovan unha conciencia comprometida co medio ambiente e co deseño sustentable.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA1.6 - Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA1.1 - Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.	TI	49
CA1.4 - Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA1.5 - Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sostibilidade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA1.7 - Valiar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos, como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O deseño, as súas clasificacións e campos de aplicación. - Evolución histórica do deseño. Concepto e teorías do deseño. Artesanía e industrialización. A achega galega: o laboratorio de formas e Sargadelos.

Contidos

- Tendencias, períodos e principais escolas e figuras máis representativas no campo do deseño. A presenza da muller no ámbito do deseño.
- Deseño, ecoloxía e sostibilidade. O deseño na sociedade de consumo. Achegas do ecodeseño á solución dos retos socioambientais.
- A diversidade como riqueza patrimonial. Deseño inclusivo.
- Achega das culturas non occidentais ao canon do deseño universal. A apropiación cultural.
- Fundamentos da propiedade intelectual. A protección da creatividade. Patentes e marcas.

UD	Título da UD	Duración
2	O deseño: configuración formal e metodoloxía.	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Proxectar solucións de deseño innovadoras en resposta a necesidades persoais ou de expresión propias, a partir de ideas ou produtos preexistentes	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.	PE	51
CA2.5 - Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA2.7 - Analizar as relacións compositivas en distintos produtos de deseño, identificando os elementos básicos da linguaxe visual e explicando o seu impacto en aspectos como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA2.1 - Recoñecer a relación entre as formas e as funcións en deseños, tanto bidimensionais como tridimensionais, percibíndoos como produtos susceptibles de transformacións e melloras.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.	TI	49
CA2.2 - Explicar nos obxectos de deseño as dimensións simbólicas e semánticas propias da súa linguaxe, identificando os seus elementos sintácticos e constitutivos con actitude receptiva e respectuosa.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sostibilidade e o consumo responsable.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA2.6 - Participar activamente na organización adecuada dos equipos de traballo dos proxectos de deseño colaborativo, identificando as habilidades requiridas e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Deseño e función. - A linguaxe visual. Elementos básicos: punto, liña, plano, cor, forma e textura. - Sintaxe da imaxe bidimensional e tridimensional. - Ordenación e composición modular. - Dimensión semántica do deseño. - Procesos creativos nun proxecto de deseño. - Proceso e fases do deseño. A metodoloxía proxectual. - Estratexias de organización dos equipos de traballo.

UD	Título da UD	Duración
3	Deseño gráfico.	29

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.	PE	51

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Avaliar as propostas de planificación propias e alleas de maneira crítica e argumentada, analizando a súa adecuación ao impacto de comunicación buscado.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA3.5 - Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos, como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA3.1 - Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sustentabilidade e o consumo responsable.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA3.3 - Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.	TI	49
CA3.6 - Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sostibilidade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas do deseño gráfico. - A tipografía: principais familias, lexibilidade, propiedades e usos no deseño. - O deseño gráfico e a composición. - Procesos e técnicas de deseño gráfico. - A imaxe de marca: o deseño corporativo. - Deseño editorial. A maquetación e composición de páxinas. - O deseño publicitario. Proxectos de comunicación gráfica. - A sinalización e as súas aplicacións.

UD	Título da UD	Duración
4	Deseño de produto.	29

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de maneira crítica as diferentes solucións de deseño vinculadas a un mesmo problema, reflexionando sobre o seu impacto na contorna e establecendo argumentos que promovan unha conciencia comprometida co medio ambiente e co deseño sustentable.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.	PE	52
CA4.2 - Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA4.6 - Avaliar de maneira crítica e argumentada traballos de deseño propios e alleos, valorando tanto a selección coherente e adecuada dos recursos técnicos como o rigor e a corrección na aplicación das técnicas de execución, desenvolvemento e presentación do produto, ademais do seu grao de adecuación ao impacto de comunicación buscado e ao respecto á propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA4.8 - Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sostibilidade e o consumo responsable.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA4.3 - Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.	TI	48
CA4.4 - Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sostibilidade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Participar activamente na organización adecuada dos equipos de traballo dos proxectos de deseño colaborativo, identificando as habilidades requiridas e repartindo e asumindo as tarefas con criterio.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA4.7 - Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de produto. Tipoloxías de obxectos no deseño volumétrico. - Sistemas de representación e estruturas compositivas aplicados ao deseño de produto. - Antropometría, ergonomía e biónica aplicadas ao deseño. - Deseño de produto e diversidade funcional. - Materiais, texturas e cores. Sistemas de produción e a súa repercusión no deseño. - O packaging: do deseño gráfico ao deseño do contedor do produto tridimensional. Iniciación ao seu desenvolvemento e técnicas de produción.

UD	Título da UD	Duración
5	Deseño de espazos.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar nos obxectos de deseño as dimensións simbólicas e semánticas propias da súa linguaxe, identificando os seus elementos sintácticos e constitutivos con actitude receptiva e respectuosa.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA5.2 - Realizar proxectos elementais de deseño gráfico, deseño industrial ou deseño de espazos habitables, de maneira individual e colectiva, aplicando solucións creativas na elaboración dun produto innovador, e tendo en conta as súas implicacións sociais, económicas e de transformación, así como os aspectos relacionados coa propiedade intelectual.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.	PE	51

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Recoñecer as estruturas formais, compositivas e estruturais en obxectos e produtos de diferentes ámbitos do deseño, analizando os procesos e métodos utilizados para desenvolvelos, así como as finalidades funcionais e comunicativas das que parten e o seu impacto en aspectos tales como a inclusión, a sostibilidade e o consumo responsable.	Aprobar os exames respectivos ou as recuperacións no seu caso.		
CA5.4 - Planificar adecuadamente proxectos de deseño individuais ou colectivos, establecendo obxectivos en función do impacto de comunicación buscado, programando as distintas fases do plan de desenvolvemento, seleccionando con criterio as ferramentas e recursos e priorizando a sostibilidade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.	TI	49
CA5.5 - Realizar colectivamente un proxecto de deseño inclusivo, priorizando a súa adecuación a unha ou varias diversidades funcionais concretas, utilizando de maneira creativa as configuracións formais e argumentando as decisións tomadas.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		
CA5.6 - Identificar as posibilidades de intervención do deseño inclusivo en diferentes ámbitos da actividade humana, poñendo en valor os proxectos innovadores e transformadores da sociedade.	Facer o traballo práctico con interese e manexando axeitadamente as técnicas explicadas na aula. Traer o material necesario e traballar axeitadamente na clase. Realizar a entrega de todas as tarefas asignadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de espazos. Organización do espazo habitable, público ou privado. Distribución de espazos e percorridos. - Elementos construtivos. Principios de iluminación. Deseño de espazos interiores. - Percepción psicolóxica do espazo. - O deseño inclusivo de espazos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido. A materia terá unha orientación exclusivamente práctica: non haberá exames teóricos senón prácticos, con exercicios que o alumno deberá resolver aplicando a teoría explicada.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen. Os exercicios prácticos faranse, na medida do posible, na clase para que os alumnos podan resolver os problemas en grupo coa axuda do profesor no seu caso.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a procura e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.

- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.
- Haberá especial preocupación polo uso axeitado do material de debuxo, tanto manual como informático.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Os apuntamentos de referencia co contido da materia, subidos en pdf na aula virtual.
Follas en branco, de formato DIN A4.
As aulas específicas de educación plástica e de debuxo técnico dispoñen de ordenador con proxeccionador, ademais dun taboleiro e mesas de debuxo para cada alumno/a.
O alumnado poderá reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles na Aula Virtual.

Os apuntamentos de referencia da materia estará na aula virtual en formato pdf á disposición do alumnado. Ademais, traballarase con materiais de elaboración propia e/ou de libre uso que se atopan dispoñibles na rede. O alumnado debería de aproveitar os instrumentos de debuxo que xa comprou e usou nos cursos de educación plástica da ESO. Desta maneira a materia impártese cun custo case nulo para as familias e ademais incídese no desenvolvemento da competencia dixital. O alumnado pode descargar os materiais curriculares e pode dispoñer dunha versión en papel para fotocopiar. Nese caso, o alumnado debe asumir o custo das fotocopias que realice pero os boletíns de exercicios serán entregados en clase con cargo ao departamento.

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Deseño: materiais dixitais (vídeos, presentacións, animacións...) asociados á unidade, así como outros recursos como libros de consulta que están ao servizo do alumnado no departamento inmediato á aula de educación plástica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Non hai avaliación inicial, páttese de cero nos contidos de Deseño. Para a realización dos traballos prácticos esta materia valerase das habilidades que o alumnado adquiriu no curso anterior nas materias propias do bacharelato de artes. Farase unha avaliación inicial para detectar o grao de adquisición persoal destes coñecementos por parte de cada alumno/a.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	16	25	25	18	100
Proba escrita	51	51	51	52	51	51
Táboa de indicadores	49	49	49	48	49	49

Criterios de cualificación:

1.- A avaliación do alumnado será unha nota segundo os criterios xerais marcados en cada caso pola Consellería de Educación; dita nota será a refundición de outras dúas:

- a. Unha nota correspondente á media dos traballos que o alumnado faga para o desenvolvemento de cada tema. Correspóndelle o 50% da nota da avaliación. Algúns traballos terán un peso maior que outros dentro dese 50% total.
- b. Unha nota correspondente á media dos exames que o alumnado faga para o desenvolvemento de cada tema. Correspóndelle o 50% da nota da avaliación.

2.- En cada unha das partes da materia faranse exercicios prácticos para que o alumnado comprobe que efectivamente comprende e ten asimilada a materia. Fará os exercicios en clase coa asistencia do profesor, coas correccións oportunas. Rematado o tempo de traballo en clase fixarase, de común acordo entre o alumnado e o profesor, unha data de entrega para os exercicios corrixiados. Cualificarase cada traballo de modo individual, sobre 10 puntos. Cando un alumno/a non entregue os seus exercicios corrixiados, na data fixada de común acordo, non terá dereito a esa corrección por parte do profesor/a e terá un 0 nesa entrega.

3.- A nota que o alumno/a levará nunha avaliación será a media entre a nota que acadou entre tódolos exames e tódolos traballos realizados nesa avaliación, segundo as porcentaxes do punto 1. O alumnado deberá recuperar soamente as partes da materia que teña suspensas (exames ou traballos) e terá que facelo aínda que nunha avaliación leve un aprobado como consecuencia da media dos exames que fixo nela.

4.- Para facer o redondeo, en cada avaliación, se a nota é decimal superior a 6 redondéase cara arriba, en caso contrario cara abaixo. A nota final será a media (valorando, no seu caso, a evolución do alumno/a) das notas das tres avaliacións do curso.

5.- Cando un alumno/a se incorpore ao curso unha vez empezado faráselle un plan específico que inclúa a realización dos exames dos temas xa vistos e a entrega dos traballos correspondentes, despois do apoio do profesor e na data fixada de común acordo. Terá dereito, tamén, ao correspondente exame de recuperación.

Criterios de recuperación:

1.- Cando un alumno/a suspenda o exame dunha das partes da materia terá dereito a facer unha recuperación.

2.- O alumnado que non acade un 5 na avaliación ordinaria deberá facer un exame para a avaliación extraordinaria, realizarase tendo en conta exclusivamente os resultados acadados no exame respectivo, que incluírá unha escolma dos contidos máis salientables do curso. Neste caso a nota máxima que poderá levar o alumno/a na avaliación final será de 5 puntos.

3.- Durante o tempo de clase entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado repasará, coa axuda do profesor, toda a materia do curso, facendo exercicios e preguntando as dúbidas. O alumnado que obtivera un 5 ou máis na avaliación ordinaria asistirá ás clases e repasará cos seus compañeiros, pero non fará a proba extraordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

A mesma definición do Proxecto Educativo e das súas concrecións curriculares constitúen unha medida de atención á diversidade. Por outro lado, o seu desenvolvemento nas programacións dos diferentes temas e leccións xerará un conxunto de propostas que favorezan a adaptación ás capacidades e motivacións do alumnado respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias básicas.

Ademais dos programas e actividades de recuperación mencionados no apartado anterior, ofrecerase ao alumnado a posibilidade de facer máis exercicios e de máis nivel que os que se fan na clase no desenvolvemento de cada tema, coa intención de favorecer a consecución da excelencia, de máis altas cotas na aprendizaxe da materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Desenvolver a autoestima e a participación na realización dos traballos.	X	X	X	X	X
ET.2 - Favorecer a comunicación interpersonal, promovendo a educación para a convivencia, a tolerancia e a igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X
ET.3 - Promover o uso responsable das tecnoloxías da información e a comunicación.	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Visitas a museos, salas de exposicións e eventos plástico - culturais.		X	

Observacións:

Recomendarase ao alumnado a asistencia ás exposicións de arte que se fagan na cidade así como a asistencia periódica a museos. Se se dera o caso (número de alumnado, data, etc.) o profesor/a organizaría algunha saída para ver exposicións ou eventos de interese para a materia.

En 1º e 2º de bacharelato, ademais, valórase a posibilidade de contribuír facilitando información axeitada ao alumnado sobre os estudos universitarios técnicos e sobre as diferentes ramas do deseño, organizando algún encontro ou charla con profesionais do ámbito da arquitectura, das diferentes enxeñerías, e dos diversos tipos de Deseño (industrial, publicitario, de moda, etc).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Porcentaxe de aprobados na materia
Metodoloxía empregada
Exames

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Resultados comparados co resto das materias

Descrición:

O principal indicador de logro serán os exames que se farán de cada parte da materia. Tamén, os exercicios prácticos e a súa valoración polo profesor/a. Na medida en que estes resultados de ámbolos dous elementos (exames e prácticas) sexan parellos ou similares, o proceso de ensino será coherente.

As porcentaxes de aprobados son, tamén, como en calquera outra materia, importantes indicadores do axeitado dos exercicios e exames ás capacidades do alumnado e ás exposicións, correccións e explicacións do profesor/a. Unha porcentaxe de suspensos superior ao corenta por cento sería un indicador de malformacións no proceso de ensino e obrigaría a un estudo e, no seu caso, reconsideración do proceso de ensino.

Tamén é importante ter en conta os resultados das avaliacións desta materia, que sexan semellantes aos das outras materias. Se non é así, relizarase un estudo de cada caso concreto.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1.- A final de curso o Departamento de Artes Plásticas comprobará o grao de cumprimento e exposición dos CONTIDOS previstos na programación e tomará as medidas oportunas para o futuro. No caso de que se chegara a conclusión da conveniencia de modificar algún dos CONTIDOS, METODOLOXÍA ou RECURSOS DIDÁCTICOS, farase a correspondente modificación na programación para que xurda efecto no curso seguinte.

2.- Cando os resultados da avaliación final de xuño desta materia sexan negativos (nota inferior a 5) nunha porcentaxe de alumnado superior ao 40% do número total de matriculados na materia e que teñan asistido a clase con regularidade durante o curso, o Departamento estudará a necesidade de facer as reformas ou adaptacións precisas da programación con vista ao curso seguinte.

9. Outros apartados